



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A CONFEDERACIÓN DE INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA (COINTEGA) PARA A COMPETITIVIDADE DO SECTOR TEXTIL-MODA GALEGO

Dunha parte, María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG nº 73, do 14 de abril), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa calidade de presidenta, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra parte, D. Javier Jorge Guerra Fernández, en calidade de presidente da Confederación de Industrias Textiles de Galicia (en adiante Cointega), con DNI 36084929E nomeado por unanimidade Presidente, en reunión extraordinaria da Xunta de Goberno de Cointega celebrada o día 10 de xullo de 2024, e actúa en nome a representación da dita organización.

EXPOÑEN:

I. Que o Igape é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, incluíndo a Innovación, a competitividade e a internacionalización empresarial.

II. Que Cointega é unha asociación sen ánimo de lucro entre cuxos fins e obxectivos están vencellados a servir de promotor, coordinador e impulsor de todas aquelas facetas que enriquezan ao sector e ás súas empresas, ao mesmo tempo que defenden os seus intereses ostentando a representación ante as administracións e distintos foros empresariais, representando así o Clúster da cadea de valor téxtil-moda en Galicia.

Cointega fundouse o día 27 de xullo de 1988. É unha entidade que conta con máis de 150 empresas asociadas, o que representa a máis do 90% do sector en volume de negocio e do emprego en Galicia. Existen asociados pertencentes a toda a cadea de valor do sector téxtil-confección-moda, así como a todas as tipoloxías de empresa (grande, mediana, pequena e micro) e modelos de negocio (retailers, marcas, fabricantes, auxiliares).

Que o sector téxtil é, aínda hoxe en día, un dos sectores estratéxicos de Galicia cun enorme potencial de innovación e cunha capacidade de xeración de emprego moi relevante especialmente en zonas de baixa densidade poboacional. A nivel de obxectivos estratéxicos, o sector prioriza a dixitalización e a sustentabilidade en toda a cadea de valor téxtil para levala cara ao modelo de economía circular e da industria 4.0 e a unha mellora da competitividade. É imprescindible avanzar na sustentabilidade e en dixitalización dos procesos produtivos, administrativos e comerciais das empresas, especialmente das pemes, para asegurar a competitividade en custos, a trazabilidade da cadea de valor e as capacidades comerciais nun contexto competitivo global e cada vez máis tecnolóxico.

III. Que a Xunta de Galicia aposta pola innovación, a competitividade e a transformación tecnolóxica en todo o tecido empresarial galego como vía ineludible para garantir a futuro a capacidade competitiva das empresas e a súa permanencia no mercado, e para iso debe ter en conta os sectores estratéxicos da economía galega e as necesidades que poden ser achegadas ao sector a través das entidades asociativas específicas, particularmente os clústeres pola súa misión de difundir e axudar á súa contorna na mellora competitiva, a innovación e a internacionalización do sector, así como a abordar de xeito conxunto as prioridades do conxunto empresarial que representan.

IV. Que a propia Xunta de Galicia, no Plan Estratéxico PEG 22-30 establece no seu eixe 3. Competitividade e crecemento e na prioridade de actuación 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das pemes, a transición industrial e o emprendemento; prioridade na que o Igape





desenvolve un papel fundamental como Instituto de promoción económica e desenvolvemento rexional.

V. Que a Xunta de Galicia, a través de Igape, e Cointega, tendo en conta o evidente beneficio xeral que as actividades poden reportar ao conxunto da cadea de valor téxtil-moda, teñen interese en xuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia a prol da promoción da competitividade e a innovación do tecido empresarial que constitúe a cadea de valor, xa que promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados efectivos nas pemes.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para conseguir resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na realización das actuacións previstas en Galicia, e para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e visión

O obxecto do convenio é sentar as bases de colaboración entre as partes no deseño e posterior posta en marcha dunha serie de accións que impacten de maneira significativa na competitividade do sector téxtil-moda de Galicia e faciliten a necesaria transformación dixital e ecolóxica para así dotarlle de capacidade competitiva a nivel internacional.

En particular o presente convenio contempla os seguintes obxectivos:

- Apoiar con información e acompañamento as iniciativas privadas que desexen impulsar proxectos con impacto na cadea de valor do téxtil galego.
- Explorar vías de financiamento para o impulso de proxectos transformadores do sector.
- Organización conxunta de eventos de comunicación e divulgación que favorezan a difusión de boas prácticas sectoriais e dean a coñecer modelos de negocio innovadores e circulares.
- Establecer unha canle aberta de comunicación entre as partes co fin de compartir información de relevancia para o sector e o seu futuro.

Segunda. Actuacións conxuntas do convenio

As actividades para levar a cabo conxuntamente por Cointega e Igape son as seguintes:

- Campaña de **promoción e comunicación** (redeseño estratexia de marketing, Evento promocional)
- **Mapa de Capacidades da cadea de valor Téxtil-Moda de Galicia.** (Parte I)
- Emprendemento Innovador. **Deseño da Business Factory Moda de Galicia**
- **Xornadas Sectoriais**
- **Detección e adaptación de ferramentas tecnolóxicas, en especial IA para o sector**
- **Elaboración Plan Director do sector téxtil de Galicia**
- **1ª Etapa Bootcamp/Fondo Capital Semilla**

Terceira. Gastos atendibles

Consideraranse gastos atendibles para os efectos do convenio aqueles que, sen admitir dúbida, respondan á natureza das actividades e fins do convenio de acordo coa previsión de orzamento recollido no anexo I e que se realicen no período comprendido entre a sinatura do convenio e o 10 de decembro de 2026.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:





1.- Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 10 de decembro de 2026, coa única excepción dos custos de salarios, Seguridade Social e, no seu caso, retencións do IRPF correspondentes, respectivamente, ao mes de decembro de 2026 e ao cuarto trimestre do exercicio 2026, que se certificarán en todo caso no prazo de xustificación previsto, sen prexuízo da súa posterior acreditación da realización do gasto.

2.- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se consideraría gasto atendible se fora susceptible de recuperación ou compensación, dado que Cointega é unha Asociación sen ánimo de lucro, á que resulta de obrigada aplicación o establecido no artigo 20.uno.12 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, no que se refire á exención do IVE, de maneira que a totalidade das cotas soportadas supoñen un maior custo, posto que non son deducibles por imperativo legal.

Por esta razón, a totalidade do IVE soportado nos gastos por actuacións realizadas dentro deste convenio non poden ser deducibles, constituíndo un maior custo da operación e, polo tanto, o IVE terá carácter de gasto atendible.

3.- Cando o importe dun gasto externo sexa igual ou superior a 15.000 € + IVE, Cointega deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos precisárase polo menos a aprobación ex ante do Igape deses gastos e ulterior xustificación e ratificación na Comisión de Seguimento do convenio.

4.- Todos os gastos externos xustificadas por Cointega deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

5.- O Igape farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 10% restante á aportación de Cointega.

6.- Límite de gastos atendibles:

ACTIVIDADES PREVISTAS	ANUALIDAD 2026			
PLAN DE COMUNICACIÓN/XORNADA "TEJIENDO EL MAÑANA: GALICIA IMPULSA SU REVOLUCIÓN TEXTIL"	49.488 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	42.000 €	34.711 €	7.289 €	42.000 €
Gastos persoal	6.934 €			6.934 €
Costes indirectos 8%	555 €			555 €
MAPA DE CAPACIDADES TEXTILES GALICIA	11.992 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	7.000 €	5.785 €	1.215 €	7.000 €
Gastos persoal	4.622 €			4.622 €
Custos indirectos 8%	370 €			370 €
EMPRENDEMENTO INNOVADOR: DISEÑO DE BUSSINES FACTORY	14.992 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	10.000 €	8.264 €	1.736 €	10.000 €
Gastos persoal	4.622 €			4.622 €
Custos indirectos 8%	370 €			370 €





XORNADAS SECTORIAIS	17.985 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	12.000 €	9.917 €	2.083 €	12.000 €
Gastos persoal	5.541 €			5.541 €
Custos indirectos 8%	443 €			443 €
DETECCIÓN E ADAPTACIÓN DE FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS, EN ESPECIAL IA PARA O SECTOR	25.092 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	20.100 €	16.612 €	3.488 €	20.100 €
Gastos persoal	4.622 €			4.622 €
Custos indirectos 8%	370 €			370 €
ELABORACIÓN PLAN DIRECTOR DO SECTOR TÉXTIL DE GALICIA	13.509 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	5.000 €	4.132 €	868 €	5.000 €
Gastos persoal	7.879 €			7.879 €
Custos indirectos 8%	630 €			630 €
1ª ETAPA BOOTCAMP/FONDO CAPITAL SEMILLA	22.496 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	20.000 €	16.529 €	3.471 €	20.000 €
Gastos persoal	2.311 €			2.311 €
Custos indirectos 8%	185 €			185 €
TOTAL	155.555 €			155.555 €

7.- Serán atendibles os gastos indubidablemente imputados ás actuacións apuntadas na táboa anterior, sendo os gastos detallados os seguintes:

- Gastos de persoal propio de Cointega en proporción á dedicación ao obxecto do convenio.
- Gastos de contratación de servizos externos.
- Gastos de organización e catering:
 - o Contratación de relatoras.
 - o Aluguer de espazos e medios audiovisuais de celebración dos eventos.
 - o Contratación xeral de medios para a realización dos eventos.
 - o Programas, folletos e material para os asistentes aos eventos.
 - o Catering para networkings.
 - o Servizos audiovisuais, gravación e edición.
 - o Gastos de presentadores das xornadas.
 - o Gastos de promoción e difusión.
- Gastos indirectos: computados en cada apartado que contempla esta partida mediante un 8% adicional sobre o gasto de persoal xustificado. Os custos indirectos son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), gastos de supervisión e control de calidade, subministracións (tales como auga, electricidade, calefacción e teléfono), seguros, seguridade ou gastos de limpeza.

Cuarta. Compromisos do Igape

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 140.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.6403 para o ano 2026 co límite do 90% dos gastos xustificadas por Cointega.

O anexo I "Memoria Económica" detalla esta contribución.

Partida	Código de proxecto	2026
09.A1.741A.6403	2018 00001	140.000 €





O presente convenio tramítase como anticipado de gasto conforme ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso, a disposición ou compromiso de gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas destes.

Cointega carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

Igape comprométese a colaborar na preparación, organización e difusión das actuacións, e dar o visto e prace das programacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava sobre as propostas realizadas por Cointega.

No marco desta colaboración, o Igape difundirá os proxectos a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunas.

Quinta. Compromisos de Cointega

Cointega responsabilízase de levar a cabo as actuacións previstas neste convenio na súa totalidade, en estreita colaboración co Igape, acordando co Igape a programación e execución das actividades e contribuindo economicamente tal como se describe no Anexo I.

Cointega será responsable da execución dos gastos con cargo ao convenio e da súa xustificación ante o Igape.

Cointega comprométese ademais a:

1. Comunicar a Igape a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
2. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
3. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por Igape.
4. Facer constar expresamente a colaboración prestada por Igape, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do logotipo do Igape.

Sexta. Pagamento da contribución do Igape

1. A contribución do Igape, será aboada cando Cointega solicite o pago mediante a presentación de certificación de gastos comprensiva dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa, previa comprobación da realización das actividades xustificadas obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada polos servizos técnicos do Igape.

As certificacións e xustificacións de gastos presentaranse ante o Igape a medida que se executen as actuacións e con periodicidade trimestral:

- 1ª certificación de gastos ata 31/03/2026, con data límite para presentar a certificación o 10/04/2026.
- 2ª certificación de gastos ata 30/06/2026, con data límite para presentar a certificación o 10/07/2026.
- 3ª certificación de gastos ata 30/09/2026 con data límite para presentar a certificación o 10/10/2026.





- 4ª certificación de gastos ata o 10/12/2026 con fecha límite para presentar a solicitude de cobro 15/12/2026.

As certificacións presentaranse antes das datas límite indicadas, por vía electrónica na páxina <https://spiga-sede.igape.es>, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona nesta cláusula.

En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución.

Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pago antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.

2. De non xustificar o importe total das actuacións desenvoltas, minorarase a aportación do Igape proporcionalmente, a condición de que se alcance o obxecto do presente convenio.

3. Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio, Cointega deberá presentar ante o Igape con cada certificación de gastos:

a) Memoria xustificativa do cumprimento das actuacións contempladas neste convenio, con indicación de actividades realizadas, resultados obtidos e incidencias máis significativas.

b) Memoria económica xustificativa do gasto nas actuacións realizadas que conterá:

i. Certificación emitida por Cointega do total de gastos incorridos no período imputables ao convenio acompañada dunha memoria económica con relación clasificada dos gastos imputables, identificando o concepto, acredor, documento, importe e data de emisión e data de pago.

ii. Xustificación de gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados á relación clasificada dos gastos.

iii. Gastos de imputación de persoal propio de Cointega. Relación de persoal asignado e porcentaxe de dedicación ao convenio, acompañado das nóminas mensuais correspondentes.

iv. Xustificación de pagos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Non se admitirán pagos en efectivo.

v. Xustificación, se é o caso, doutros ingresos obtidos para financiar as actividades.

vi. Cando na contratación de servizos o importe de gasto atendible iguale ou supere a contía de 15.000 € (sen IVE), tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do servizo, así como xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

c) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que Cointega está ao corrente das obrigacións tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou ben, autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 13 deste convenio Cointega autoriza a realización desta consulta.

d) Declaración expresa de Cointega de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades non están vinculadas con ela (o mero feito de ser empresa asociada a Cointega non implica vinculación).

e) Declaración de non recibir outras axudas para os mesmos fins.

f) Declaración de titularidade da conta bancaria onde se vaian a realizar os pagos.

g) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.





En todo caso o Igape resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere necesaria en relación coa execución das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación dos gastos e o seu pagamento.

Cointega manterá ao dispor de Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e dos órgano de control da Comisión Europea, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

Sétima. Vixencia e causas de resolución

O convenio estenderá a súa vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, consideraranse subvencionables os gastos realizados dende a data de sinatura do convenio ata o 10 de decembro de 2026.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

Oitava. Comisión de seguimento

1. Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao convenio, polos seguintes membros:

- 2 membros por parte de Igape, un dos cales actuará como presidente.
- 2 membros por parte de Cointega, un dos cales actuará de Secretario.

2. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. Modificacións

1. Cointega poderá solicitar modificacións nas distintas actividades e nas partidas orzamentarias asociadas, sempre que estas variacións non supoñan un incremento do importe total establecido no convenio. Así mesmo, Cointega poderá realizar axustes entre os diferentes conceptos subvencionables, respectando en todo caso os límites e condicións previstos no devandito convenio.





As modificacións sinaladas no parágrafo anterior serán posibles a condición de que sexan presentadas e aprobadas pola Comisión de Seguimento.

2. Toda alteración nas accións para realizar, excepto as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización por Igape, e formalizarase mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

3. O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décima. Publicidade

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

Cointega deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

As partes asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Undécima. Protección de datos de carácter persoal

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPDP) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de COINTEGA, adquieren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a COINTEGA, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a Cointega do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

Duodécima. Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.





Décimo terceira. Dereitos

Todos os resultados que se produzan na execución do presente convenio, así como calquera outro produto do convenio, tanxible ou intanxible, serán de titularidade compartida polas partes asinantes, Igape e Cointega.

Decimo cuarta. Autorizacións

Cointega consente expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes das persoas asinantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, sabendo que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, situado no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se abone o pago, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na Lei.

Tamén comporta a autorización a Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Décimo quinta. Natureza xurídica e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De acordo co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación de dicha normativa.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de Seguimento prevista neste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Decimo sexta. Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica tomándose como data de firma a do último asinante.

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica

Pola Confederación de Industrias Textiles
de Galicia

María Jesús Lorenzana Somoza

Javier Jorge Guerra Fernández





ANEXO I MEMORIA ECONÓMICA

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 140.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.6403 para o ano 2026, co límite do 90% dos gastos xustificadas por Cointega.

Partida	Código de proxecto	2026
09.A1.741A.6403	2018 00001	140.000 €

Cointega carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

Igape comprométese a colaborar na preparación, organización e difusión das actuacións, e dar o visto e prace das programacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava sobre as propostas realizadas por Cointega.

No marco desta colaboración, o Igape difundirá os proxectos a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunas.

ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS:

As actividades para levar a cabo conxuntamente por Cointega e Igape son as seguintes:

- Campaña de **promoción e comunicación** (redeseño estratexia de marketing, Evento promocional)
- **Mapa de Capacidades da cadea de valor Textil-Moda de Galicia.** (Parte I)
- Emprendemento Innovador. **Deseño da Business Factory Moda de Galicia**
- **Xornadas Sectoriais**
- **Detección e adaptación de ferramentas tecnolóxicas, en especial IA para o sector**
- **Elaboración Plan Director do sector téxtil de Galicia**
- **1ª Etapa Bootcamp/Fondo Capital Semilla**

O Igape farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 10% restante á aportación de Cointega.

Límite de gastos atendibles:

ACTIVIDADES PREVISTAS	ANUALIDAD 2026			
		BASE	IVA	TOTAL
PLAN DE COMUNICACIÓN/XORNADA "TEJIENDO EL MAÑANA: GALICIA IMPULSA SU REVOLUCIÓN TEXTIL"	49.488 €			
Gastos externos contratación servicios	42.000 €	34.711 €	7.289 €	42.000 €
Gastos persoal	6.934 €			6.934 €
Costes indirectos 8%	555 €			555 €
MAPA DE CAPACIDADES TEXTILES GALICIA	11.992 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	7.000 €	5.785 €	1.215 €	7.000 €
Gastos persoal	4.622 €			4.622 €
Custos indirectos 8%	370 €			370 €
EMPRENDEMENTO INNOVADOR: DESEÑO DE BUSSINES FACTORY	14.992 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	10.000 €	8.264 €	1.736 €	10.000 €
Gastos persoal	4.622 €			4.622 €
Custos indirectos 8%	370 €			370 €
XORNADAS SECTORIAIS	17.985 €	BASE	IVA	TOTAL





Gastos externos contratación servicios	12.000 €	9.917 €	2.083 €	12.000 €
Gastos persoal	5.541 €			5.541 €
Custos indirectos 8%	443 €			443 €
DETECCIÓN E ADAPTACIÓN DE FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS, EN ESPECIAL IA PARA O SECTOR	25.092 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	20.100 €	16.612 €	3.488 €	20.100 €
Gastos persoal	4.622 €			4.622 €
Custos indirectos 8%	370 €			370 €
ELABORACIÓN PLAN DIRECTOR DO SECTOR TÉXTIL DE GALICIA	13.509 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	5.000 €	4.132 €	868 €	5.000 €
Gastos persoal	7.879 €			7.879 €
Custos indirectos 8%	630 €			630 €
1ª ETAPA BOOTCAMP/FONDO CAPITAL SEMILLA	22.496 €	BASE	IVA	TOTAL
Gastos externos contratación servicios	20.000 €	16.529 €	3.471 €	20.000 €
Gastos persoal	2.311 €			2.311 €
Custos indirectos 8%	185 €			185 €
TOTAL	155.555 €			155.555 €

Serán atendibles os gastos indubidablemente imputados ás actuacións apuntadas na táboa anterior, sendo os gastos detallados os seguintes:

- Gastos de persoal propio de COINTEGA en proporción á dedicación ao obxecto do convenio.
- Gastos de contratación de servizos externos.
- Gastos de organización e catering:
 - o Contratación de relatoras.
 - o Aluguer de espazos e medios audiovisuais de celebración dos eventos.
 - o Contratación xeral de medios para a realización dos eventos.
 - o Programas, folletos e material para os asistentes aos eventos.
 - o Catering para networkings.
 - o Servizos audiovisuais, gravación e edición.
 - o Gastos de presentadores das xornadas.
 - o Gastos de promoción e difusión.
- Gastos indirectos: computados en cada apartado que contempla esta partida mediante un 8% adicional sobre o gasto de persoal xustificado. Os custos indirectos son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), gastos de supervisión e control de calidade, subministracións (tales como auga, electricidade, calefacción e teléfono), seguros, seguridade ou gastos de limpeza.

